

[Ligazón á nova na súa orixe.](#)

"Hoxe non son de Pontevedra, hoxe son Pontevedra, levito", agradeceu Fina Casalderrey a súa homenaxe



Por [Oskar Viéitez](#) & [Cristina Saiz](#)
Sábado 10 de Xuño, 2023



Homenaxe a Fina Casalderrey



Homenaxe a Fina Casalderrey

© Cristina Saiz

"Hoxe é un día realmente fermoso, hoxe Pontevedra réndelle homenaxe a Fina Casalderrey", así o dixo este sábado o alcalde en funcións, Miguel Anxo Fernández Lores no acto de recoñecemento "a nosa escritora, a nosa veciña, a nosa mestra".

Fina Casalderrey recibiu a homenaxe **Escritora na súa Terra-Letra E** (de escritora), impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) da que a autora é socia de honra.

Os actos comezaron ás 11.30 horas na Ponte das Palabras, no barrio pontevedrés de Monte Porreiro, co descubrimento dun monólito conmemorativo e a plantación da árbore elixida pola autora, un acivro.

Logo no Teatro Principal leuse a acta de concesión deste galardón nunha cerimonia na que interviron o alcalde; o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, a autora da laudatio, Montse Pena Presas, ademáis da propia Fina Casalderrey e do coro Luis Álvarez Limeses.

A xornada rematou cun xantar de confraternidade posterior no Liceo Casino de Pontevedra.

Neste acto destacou que Fina non só é unha escritora nomeada ao que se considera o Nóbel de Literatura Infantil e Xuvenil, o Premio Hans Christian Andersen tamén é "exemplo de constancia, de talento e de compromiso coas súas raíces, co rural; compromiso con Pontevedra, compromiso coa lingua galega, compromiso con este país e a súa cultura, compromiso coa súa xente", afirmou Lores.

"Hoxe non son de Pontevedra, hoxe son Pontevedra, levito", agradeceu Fina Casalderrey todo o agarimo brindado. "Eu non soñaba que algún día ía estar aquí en calidade de escritora rodeada de amigas, amigos, familia, recibindo este fermoso agasallo que ven arroupado polos afectos".